



Cantos animais!

Tigres, pulgas, cabalos, tarántulas, pínegas, osos, pavóns, abellas, troitas, crocodilos... A lista é interminable. Sabes cantos animais diferentes habitan o noso planeta? Atreveríaste a calculalo?

Nin sequera os científicos que estudan os animais, os zoólogos, coñecen o número exacto.

Desde hai centos de anos, os zoólogos elaboran listas en que recollen todos os animais que se coñecen. Asígnaselles un nome e realízase unha descrición.

Cando un científico descobre algún animal que pensa que é descoñecido, consulta as listas para ver que, efectivamente, o é. A continuación, descríbeo e asígnalle un nome polo que o coñecerán os demais científicos.





Le e comprende o problema

- Coñécese o número de animais diferentes que hai no noso planeta? Por que?
- Que é un zoólogo?
- Como sabe un zoólogo que descubriu un novo animal?
- Que che resulta máis rechamante da fotografía da páxina anterior?
- **EXPRESIÓN ORAL.** Explica en que lugares terías que buscar se quixeses descubrir novos animais.



➔ SABER FACER



TAREFA FINAL

Realizar unha ficha dun animal

Ao terminar a unidade elaborarás unha ficha descriptiva dun animal que recolla as súas principais características.

Antes, aprenderás como realizan os animais as funcións vitais e coñecerás algúns dos grupos en que se clasifican.



QUE SABES XA?



- Os animais son seres vivos. Nacen, respiran, aliméntanse, poden ter crías e morren.

**De que se alimentan os leóns?
E as cebras?**

- Os animais que viven na auga chámanse acuáticos. Os que viven na terra chámanse terrestres.

Nomea tres animais acuáticos e tres terrestres.



Os animais e as funcións vitais

Os animais realizan as funcións vitais, igual ca o resto dos seres vivos. O modo en que as levan a cabo serve para clasificalos en varios grupos.

A nutrición dos animais

Mediante a función de nutrición, os animais obteñen enerxía e materiais de construción. Para iso, deben tomar **alimentos**, que proceden doutros seres vivos.

Segundo a forma de alimentarse, os animais divídense en herbívoros, carnívoros, omnívoros e detritívoros.

TRABALLA COA IMAXE

- Por que leva a aguiá un coello nas poutas? Que pensas que aconteceu?
- Cantos animais diferentes recoñeces?



Os animais **carnívoros** aliméntanse doutros animais. Por exemplo, o lobo, o tigre, as arañas e as aguias.



Os **preeiros** son un tipo de carnívoros que se alimentan de cadáveres de animais. Por exemplo, os voitres e algúns escaravellos.



Os **herbívoros** aliméntanse de plantas. Por exemplo, o cervo, o oso panda e os saltóns.



Os **omnívoros** comen alimentos tanto de orixe animal coma vexetal. Por exemplo, o xabaril, o raposo e a galiña.



Os **detritívoros** aliméntanse dos restos doutros seres vivos, como a follaxe. Por exemplo, as miñocas e os bichos bóla.

A relación dos animais

Os animais reciben información do que os rodea mediante os órganos dos sentidos. Estes órganos envían a información ao cerebro para que a interprete e dea unha resposta adecuada.

Algúns sentidos dos animais son diferentes dos dos seres humanos. Os cans, por exemplo, teñen un olfacto moi desenvolvido; os peixes reciben información do exterior grazas a receptores na pel, e os insectos teñen uns ollos compostos moi sensibles aos movementos.

A reprodución dos animais

A función de reprodución permite que os animais teñan descendencia, é dicir, que nazen novos animais semellantes a eles. A maioría dos animais teñen **reprodución sexual**, é dicir, necesítase a intervención de dous seres de distinto sexo, masculino e feminino.

Segundo a forma de reproducirse, os animais divídense en ovíparos e vivíparos.


- **Animais ovíparos.** Son os que teñen crías que nacen dun ovo, como as aves, os insectos e os peixes.
- **Animais vivíparos.** As súas crías nacen do ventre da nai, como os mamíferos.

Os animais realizan as funcións vitais. Segundo levan a cabo a nutrición e a reprodución clasifícanse en varios grupos.

SABER MÁIS

Ollos compostos

Os ollos dos insectos chámanse ollos compostos porque están formados por numerosos olliños máis pequenos. A información que recibe cada un deles combínase no cerebro do animal para formar unha imaxe.



ACTIVIDADES

- 1 **Como se clasifican os animais segundo a alimentación?**
- 2 **Que sucede se te achegas a un paxaro que se pousou no chan? Explica como ocorre.**
- 3 **EXPRESIÓN ORAL.** Organízade un debate para discutir que tipo de animais teñen máis vantaxes: os ovíparos ou os vivíparos.




Os animais vertebrados

Como son os vertebrados

A primeira vista, os animais vertebrados son moi distintos uns dos outros, pero todos teñen en común as seguintes características:

- Posúen un esqueleto interno formado por ósos. A peza central dese esqueleto é a **columna vertebral**. ¹
- O seu corpo divídese en **cabeza**, **tronco** e **rabo**. Do tronco saen as **extremidades**, que poden ter forma de patas, aletas ou ás, segundo o medio en que se despracen.

Hai cinco grupos de vertebrados: mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes.



- ¹ Partes do corpo dun vertebrado.
Unha parte do seu esqueleto é a columna vertebral.

Mamíferos

Os mamíferos respiran por **pulmóns**. Teñen a pel cuberta de **pelo** e case todos teñen **patas** que empregan para desprazarse.

Nacen do ventre da nai, é dicir, son **vivíparos**. As crías aliméntanse do **leite** que producen as nais.

Á parte dos terrestres, existen mamíferos mariños, como o golfinho e a balea, e mamíferos voadores, como o morcego.



Aves

As aves respiran por **pulmóns**. Teñen a pel cuberta de **plumas** e as patas, de escamas. Teñen un **peteiro** para alimentarse e desprázanse camiñando coas **patas** e voando coas **ás**.

Son **ovíparas** e protexen os ovos nos niños que constrúen. Tamén coidan os polos cando acaban de nacer.

Algunhas aves, como os parrulos e os pingüíns, viven na auga.



Réptiles

Os réptiles respiran por **pulmóns** e teñen o corpo cuberto de **escamas**. Case todos viven en terra firme e teñen catro **patas** para desprazarse, aínda que algúns, como as serpes, desprázanse arrastrándose.

Son **ovíparos** e non adoitan coidar os ovos nin as crías.

Algúns réptiles son acuáticos, como as tartarugas mariñas.



Anfibios

Os anfibios teñen a **pel espida**. Cando nacen son acuáticos, respiran por **branquias** o osíxeno que hai na auga e desprázanse cun **rabo**.

Cando son adultos transfórmanse: respiran por **pulmóns**, desprázanse con **patas** e poden vivir na terra.

Son **ovíparos**. Poñen os ovos na auga e non adoitan coidalos.



Peixes

Os peixes viven na auga e respiran a través de **branquias**. Teñen a pel cuberta de **escamas** e as extremidades son **aletas**.

Son **ovíparos**. A maioría poñen moitos ovos que non adoitan coidar.



ACTIVIDADES

- 1 Cal pensas que é a característica máis importante dos animais vertebrados?
- 2 Escribe no caderno unha lista cos grupos de vertebrados e con tres exemplos de animais de cada grupo.
- 3 Di o nome de tres animais vertebrados. Indica se son ovíparos ou vivíparos.
- 4 Explica como distinguirías un anfibio dun réptil e dun peixe.
- 5 **USA AS TIC.** Busca o nome que recibe o cambio que se produce nos anfibios cando pasan á idade adulta.

Os animais invertebrados

Como son os invertebrados

Nos invertebrados inclúense animais moi diferentes, como as formigas, os caracois e as estrelas de mar. O que todos eles teñen en común é que **non teñen columna vertebral**. Ademais, a maioría son **ovíparos**.

Os invertebrados encóntranse tanto na terra firme coma na auga e algúns deles protexen os corpos con **cunchas** ou cubertas.

Existe un gran número de grupos de invertebrados, moi diferentes uns dos outros.

TRABALLA COA IMAXE

- Cal dos animais das fotografías non se despraza?
- Observa a fotografía da miñoca e describe como é.

Esponxas

Son animais **acuáticos** de corpo irregular que viven fixos sobre o fondo mariño. Aliméntanse dos anaquiños de materia comestible que hai na auga. Están cubertas de **poros**, por onde entra e sae a auga. Así, funcionan como coadores da auga do mar.



Medusas

Son acuáticas e viven no mar. Teñen corpos xelatinosos con aspecto de prato ou fonte. Posúen **tentáculos** con pequenos aguillóns venenosos que utilizan para cazar e que provocan dolorosas picaduras se as tocamos sen decatarnos.



Vermes

Son animais alongados de **corpo brando** que non teñen patas.

Hai varios tipos de vermes, moi diferentes uns dos outros. Algúns deles son prexudiciais para a saúde, como a tenia e as lombrigas intestinais. Outros son beneficiosos, como as miñocas, que fertilizan a terra.



Moluscos

Algúns teñen un corpo brando que está protexido por unha **cuncha**, como o caracol, ou por dúas, como a ameixa. Outros teñen unha cuncha interna, como a sepia, ou non teñen cuncha, como o polbo.



Artrópodos

Son os invertebrados máis numerosos e diversos. Inclúen os insectos, as arañas, os cangrexos, os cempés... Todo o seu corpo está protexido por unha **coverta** dura con **articulacións**, coma unha armadura.




Os insectos

Os insectos pertencen aos artrópodos e forman o grupo de animais máis numeroso.

O corpo dos insectos está formado por tres partes: **cabeza**, **tórax** e **abdome**. Teñen **antenas** e **seis patas**, e moitos deles posúen dúas ou catro **ás**. ¹

Os animais invertebrados non teñen columna vertebral. O grupo máis numeroso é o dos insectos.



¹ Partes do corpo dun insecto.

ACTIVIDADES

- 1 Que teñen en común todos os invertebrados?
- 2 En que grupo de invertebrados hai animais que se desprazan voando? E nadando? E arrastrándose?
- 3 En que tres partes se divide o corpo dun insecto? Que hai en cada parte?
-  4 **USA AS TIC.** As estrelas de mar tamén son invertebrados. Busca información sobre o modo en que se desprazan.




Realizar unha ficha dun animal

Na ficha descriptiva dun animal deben recollerse as súas características. Convén completala cun debuxo ou cunha fotografía do animal.

➔ Completa a ficha.

ONZA



Clasificación: vertebrado, mamífero.

Alimentación: carnívoro.

Reproducción: vivíparo.

Desprazamento: camiña coas catro patas.

Localización: habita nas chairas de África.

Outras características: corpo esvelto con patas longas. Pel amarelenta con manchas negras e dúas liñas escuras na cara.

Máis información: a onza é o animal corredor máis veloz. Excede os 100 km/h e é capaz de capturar gacelas e outros herbívoros.

- 1 **Copia a ficha no caderno. Observa as imaxes e engade algún dato máis no apartado *Outras características*.**



- 2 **USA AS TIC. Busca información en distintos medios para engadila ao apartado *Máis información* da ficha que copiaches.**

➔ Faino ti.

- 3 **Fai dúas fichas sobre dous animais que elixas, un deles vertebrado e outro invertebrado. Ten en conta o seguinte:**

- Cada unha debe ter os mesmos apartados ca a ficha da onza.
- Deben incluír algunha fotografía ou debuxo.



1 RESUMO. Copia no caderno e completa o resumo da unidade.

materiais – sexual – insectos – ósos – alimentos –
interno – órganos dos sentidos – seis – relación

Os animais, igual ca os demais seres vivos, realizan tres funcións vitais: nutrición, e reprodución.

Mediante a nutrición, os animais conseguen e enerxía a partir dos .

Para poder levar a cabo a función de relación, os animais necesitan que recollan información do medio que os rodea.

A maioría dos animais teñen reprodución .


Todos os vertebrados dispoñen dun esqueleto formado por e unha columna vertebral. O corpo ten tres partes: cabeza, tronco e rabo.

Os invertebrados carecen de columna vertebral. O grupo máis numeroso é o dos , co corpo formado por cabeza, tórax e abdome. Ademais, teñen patas e antenas.



2 ESQUEMA. Copia e completa o esquema no caderno.

vertebrados – detritívoros – preeiros – herbívoros –
vivíparos – invertebrados – reprodución



1 Relaciona as seguintes frases coa función vital que lles corresponde. Explica por que.

- Os cans teñen un olfacto moi desenvolvido.
- Os animais necesitan materiais de construción e enerxía.
- Na maioría dos animais necesítase a intervención de dous individuos.

2 Que é a función de relación nos animais? Explica usando como exemplo un gato.

3 EXPRESIÓN ESCRITA. Le e responde as preguntas.



Os golfinhos son mamíferos que viven na auga. Para reproducirse necesitan encontrarse dous golfinhos de diferente sexo. Nadan mergullados durante moito tempo para poder alimentarse, pero teñen que saír de vez en cando á superficie.

- Que tipo de reprodución teñen?
- Por que teñen que saír á superficie de vez en cando?
- Por que os peixes non necesitan saír da auga?
- Os golfinhos teñen patas? E escamas?



4 Elixe e escribe no caderno as oracións correctas.

- Os artrópodos son animais *vertebrados* / *invertebrados*.
- Os bichos bóla son animais *omnívoros* / *detritívoros*.
- Os réptiles teñen *a pel espida* / *escamas*.
- Os mamíferos son animais *vivíparos* / *ovíparos*.
- Os vermes teñen o *corpo brando* / *os ósos brandos*.
- Os insectos son artrópodos que teñen *catro patas e ás* / *seis patas e antenas*.

5 Observa as fotografías e explica as diferenzas entre as extremidades de cada animal.



6 EXPRESIÓN ESCRITA. Observa as fotografías e describe cada animal usando as seguintes palabras:

escamas – pulmóns – branquias – pel espida – nace – ovo – vertebrado – respira

A



B



C



7 EDUCACIÓN EN VALORES. Le e contesta.

En ocasións os animais domésticos, coma os cans, poden molestar a outras persoas. Para que isto non ocorra temos que procurar que non asusten a xente, que non fagan ruído e que estean limpos e vacinados.

- Pon exemplos de comportamentos dunha mascota que poidan molestar e como habería que actuar en cada un deles.

8 PARA PENSAR. De que animal se trata en cada caso?

- É un vertebrado que voa e que se alimenta de animais mortos.
- É un animal que non se despraza e vive debaixo da auga.
- É un invertebrado terrestre sen extremidades e con cuberta.
- É un vertebrado con peteiro e omnívoro.



Demuestra o teu talento

Elix e realiza unha das seguintes actividades:

- Os voitres son aves preeiras. Fai unha presentación para o resto da clase sobre os voitres de España.
- Escribe un conto en que estás nadando mergullado e, coa axuda de dous animais invertebrados mariños, emprendes a procura dun tesouro no fondo do mar.
- Fai un debuxo, coa técnica que elixas, do teu animal favorito ou da túa mascota.

